



Secretaría Xeral
Dpto. de Actividade Corporativa
Declaración Institucional

Manuel José Díaz Sánchez, secretario xeral do Pleno do Excelentísimo Concello da Coruña,

Asunto.- Declaración Institucional da Coruña por unha mobilidade máis sostible


CERTIFICO: Que polo Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 3 de outubro de 2019 efectuouse a seguinte Declaración Institucional:

Declaración da Coruña por unha mobilidade máis sostible

O obxectivo fundamental da presente declaración é a implicación de todos os axentes e sectores, públicos e privados da cidade en favor dunha política de mobilidade sostible coordinada cun modelo de crecemento urbano que aposte pola compactidade fronte á dispersión. Ambos os conceptos, mobilidade e compactade urbana, xa están postos en relación nos documentos de traballo da Axenda Urbana Española, na que A Coruña está a asumir un compromiso avanzado coa elaboración da Axenda Urbana Coruña Próxima 2030 e a súa implementación.

A Coruña foi pioneira en Galicia como asinante da Carta das Cidades Europeas cara a Sostibilidade, tamén coñecida como Carta de Aalborg, en maio de 1994 e debe continuar liderando as políticas públicas e privadas en materia de mobilidade e crecemento sostible. Aquel reto fora adoptado por unanimidade na sesión do Pleno municipal do 14 de abril de 2000. Nas súas pautas de mobilidade urbana sostible, a Carta de Aalborg, establecía literalmente: nós, as cidades, témonos que esforzar en mellorar a accesibilidade, en manter o benestar e os estilos de vida urbana, reducindo o transporte. Sabemos que para que unha cidade sexa sostible é indispensable reducir a mobilidade forzada e deixar de fomentar o uso innecesario de vehículos motorizados. Daremos preferencia aos medios de transporte respectuosos co medio ambiente; en particular os desprazamentos a pé, en bicicleta ou en transporte público e situaremos no centro dos nosos esforzos de planificación, unha combinación destes medios. Os diversos medios de transporte urbano motorizados han de ter a función subsidiaria de facilitar o acceso aos servizos locais e de manter a actividade económica das cidades.


Este compromiso asumido pola nosa cidade no ano 2000 recolleuse novamente na exposición de motivos da moción sobre a mellora da mobilidade ciclista e peonil aprobada por unanimidade no Pleno en 2018. No ano 2017 o Concello da Coruña organizou un Foro pola mobilidade no que participaron por primeira vez todos os partidos políticos, os técnicos e a cidadanía. En decembro dese mesmo ano, a federación de asociacións de veciños organizou unha xornada pública sobre mobilidade sostible no que participaron políticos e técnicos. Ambos os dous eventos son a antesala da Mesa pola Mobilidade constituída en marzo de 2018, na que participan, entre outras entidades, os sindicatos, a Universidade da Coruña, as entidades veciñais, as asociacións de comerciantes, representantes dos polígonos industriais, as asociacións de transportistas ou as que traballan pola accesibilidade universal. Este espazo de traballo colexiado é o marco no que se debería avanzar na elaboración de consensos para continuar dando pasos na mobilidade sostible na Coruña, como demostran outras cidades cunha traxectoria máis desenvolvida na cuestión da mobilidade sostible, este modelo participado pola cidadanía e as organizacións de referencia no eido é a única maneira de dar pasos firmes que sexan interiorizados polo conxunto da cidadanía.



Secretaría Xeral
Dpto. de Actividade Corporativa
Declaración Institucional

Pola súa parte, o Plan Galicia Saudable sinala que as enfermidades crónicas non transmisibles constitúen o principal problema de saúde da poboación galega, polo que a promoción dunha vida activa é un dos piares sobre os que deben asentarse as estratexias e accións dirixidas á prevención e ao control destas enfermidades. A crise climática actual impón compromisos claros na descarbonización dos nosos modos de producción e de relación, especialmente nas contornas urbanas, así a nosa saúde, o noso medio ambiente e a busca de modos de vida urbana de maior cohesión social son retos que esixen unha aposta clara pola mobilidade sostible. Debemos asumir de xeito decidido un compromiso activo. Por iso A Coruña asume os seguintes compromisos:

- 1.- O fomento dun modelo de cidade compacta e sostible, diverso no que respecta a usos e actividades que reduza distancias nas viaxes dentro da cidade, promovendo a conectividade urbana e a accesibilidade universal, con patróns de proximidade entre a residencia e o traballo, para limitar as esixencias de mobilidade.
- 2.- A establecer nos instrumentos de ordenación, un reparto equilibrado do espazo urbano destinado á mobilidade motorizada e non motorizada, acorde coas políticas de desenvolvemento sostible das cidades, priorizando, na medida do posible, a cidade para o peón, favorecendo os itinerarios continuos, seguros e responsables e propiciando unha forma de vida máis saudable e activa, con perspectiva de xénero.
- 3.- A buscar a eficacia e a calidade dos modos de transporte más económicos e ao alcance de todos os grupos de idade: transporte público, bicicleta e a pé, así como as cadeas metropolitanas ou supramunicipais de transporte público e promover a súa intermodalidade, desenvolvendo redes peonís e ciclistas, incluíndo os novos desenvolvimentos urbanos, garantindo os desprazamentos non motorizados seguros e nunha contorna amigable.
- 4.- A establecer plataformas loxísticas de distribución en cada barrio e xestionar a distribución de mercadorías nas zonas urbanas, maximizando os centros de consolidación, ruptura de cargas, evitando a distribución con baixo nivel de carga de furgonetas e camións, promovendo e apoioando a utilización de ciclos para o reparo de última milla.
- 5.- A unha oferta axeitada de transporte público a escala urbana e metropolitana, así como a construír redes integradas que interconecten os distintos modos, deseñando intercambiadores de transporte que actúen como nodos de transferencia entre viaxes interurbanos e urbanos. A finalidade das medidas será reducir as viaxes en transporte privado, fomentar os sistemas de transporte público eficientes e mellorar a calidade dos desprazamentos peonís. A finalidade será fomentar a organización do transporte baixo unha visión metropolitana na que participen tanto o Concello da Coruña como a Xunta de Galicia.
- 6.- Se promova en coordinación coas comunidades autónomas a conversión dentro do sector do transporte público, as enerxías alternativas más sostibles e adecuadas ás necesidades do servizo. O Goberno local promoverá plans estratégicos que potencien os obxectivos estratégicos da Axenda Urbana Española.
- 7.- A potenciar a mobilidade ciclista mediante o deseño de vías exclusivas, así como impulsando o calmado do tráfico nas rúas da cidade, implementando Zonas 20 e 30,





Secretaría Xeral
Dpto. de Actividade Corporativa
Declaración Institucional

adaptando a calzada para a correcta convivencia de vehículos a motor e bicicletas. Ampliarase o número de aparcadoiros para bicicletas e impulsaranse as iniciativas de oferta de bicicleta compartida.

8.- A integración das redes peonís e ciclistas coas zonas libres, mediante a execución dos corredores verdes do Plan Xeral, facilitando a creación de itinerarios de mobilidade brandos e aumentando a calidad do espazo público e segregando, por cuestiós de seguridade, o tráfico de ciclos de vehículos a motor. Ademais, facilitarase e fomentarase un uso seguro dos vehículos de mobilidade persoal, así como dos vehículos de uso compartido, mediante a redución das trabas burocráticas, asegurando, por outra parte, que se regule de forma adecuada a súa mobilidade no ámbito metropolitano.

9.-A garantir a accesibilidade universal en todos os sistemas de transporte no espazo público da cidade, entendendo que a mobilidade inclúe a capacidade da cidadanía para acceder a puntos concretos ou para desprazarse ao longo do territorio sen atopar obstáculos físicos que o impidan ou dificulten, creando itinerarios accesibles e seguros, pensando nas persoas más vulnerables.

10.-A corresponsabilizar a todos os axentes públicos e privados, asociacións, empresas, partidos e sindicatos, a toda a cidadanía, mediante a constitución dunha Mesa pola Mobilidade Sostible da Coruña, obxectivo común a compartir nun Pacto polo Medio Ambiente a saúde pública e a necesaria cohesión social.

Na Coruña, 3 de outubro de 2019.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa salvedade prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a resultas do texto definitivo da acta.

A Coruña, 3 de outubro de 2019

Vº e Pr
Concelleiro delegado de Urbanismo,
Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade

Juan Manuel Díaz Viloslada

Secretario xeral do Pleno

Manuel José Díaz Sánchez

